

A NOSA BISBARRA




**CULTURA, OPINIÓN,
ACTUALIDADE**

SUMARIO:

- Páx. 2 ¡¡Benvidos a Viana!!
Páx. 3 La agonía de Viana.
Páx. 5 Federico García Lorca.
Páx. 6 Héctor ou "O Mago Teto".
Páx. 7 De Peito Espido.
Páx. 8 Cumpleanos Feliz.
Páx. 10 Quintela do Pando e... María das Neves.
Páx. 12 Homenaxe á emigración.
Páx. 14 Sentido e sensibilidade: A percepción.
Páx. 15 Piquito.
Páx. 17 Manuel Carracedo.
Páx. 18 La meningitis por meningococo.
Páx. 19 Resistir e vencer: A nosa lingua.
Páx. 20 Mourisca: Fotos que falan por si mesmas.
Páx. 22 El gato y la gata.
Páx. 23 Os nosos protagonistas sempre: Os nenos.
Páx. 25 Do baúl das lembranzas.
Páx. 38 O traballo en primeiro lugar.
Páx. 39 Humor.

Número adicado ós artistas de Viana en vivo



QUINTEL A DO PANDO E... MARÍA DAS NEVES



Quintela do Pando é como un vixía para vixiar os nove camiños polos que un pode alonxarse de Viana... Ou se queremos é como unha solaina dende a que se toma o sol de Levante moito más axiña do que na Vila.

A Quintela pode subirse pola "pista" ou polo empinado carreiro que sae ó pé da ponte. Vas subindo, subindo monte arriba, mentres Viana queda abaxo, como vella causa, que so pode facer medio camiño.

Camiñando chegamos a Quintela: horizontes amplios, gravios, solemnes. Quintela, saluberrima, sen contaminacións atmosféricas, nin doutras.

Pero Quintela áinda é mais; nesta aldeña, tan preto do ceo,... vive Neves, unha rapaza que fai arte, sempre en contacto coa Natureza... tan preto dos anxos, que as cousas que saen das súas máns son anxélicas.

Non podo pasar sen lembrar outro persoero único... Fuxiu cos "anxos"; sempre quixo ter ás e voar... voar... E un día vou ó cumir dos cumios. Trátase Sr. Albino, do Sr. "Demo" ¡do Demo bo! ¿Como estar neste pobo e esquecerse del? ¡Unha aperta Albino!

Hoxe busco a outra artista: Neves. A Neves, démola a coñecer vai anos. Expuxo no Centro Social de Viana. O ano pasado, participou noutra exposición particular con outros artistas dos que se falará áinda que sexa moi por riba, na "A Nosa Bisbarra"

Despois de atopada, preguntolle.

Neves, ¿sigues cas mesmas inquedanzas, que cando escomézaches a traballar, coa túa "navalliña" a madeira?

Sí, cada día un pouquiño máis. Intentando millorar sempre e traballando para aumentar a mostra. ¡Xa teno, preto de 500 tallas!

¿Que ilusións, que sonos, bulen en ti?

Pois poder chegar a ter un día sitio, onde a xente poida ollar o meu traballo. ¡Non pido tanto! e non neste local que axeitamos como uidemos, que por certo non non é meu, é da miña avó.

¿A que te adicas hoxe, aparte do bucolismo e ó coido das túas "ovelliñas"? ¿Segues a crear as túas variadas obras, coma caretas, figuras, caxatos, axedreces? ¡eu que sei! e todo tan variado, tes montón de couzas, non dou ollado, non vexo nada, nada repetido.

¡Craro, é que non teño nin gunha cousa igual!

E segues a usar como único instrumento de traballo, a túa "navalliña". Parece mentira, que des vida a túa inmensa creatividade con esa "faquiña".

Pois é o que uso. Teño tres, cando unha non está ben aguzada uso outra, pero sempre, sempre a "navalliña", está comigo.

¿Non pensas en volver a expór?

Siii..., eu non teño posibilidades económicas nin sitio. Se me botasen unha man, unha axudiña ben os que poden, as autoridades, ben clubes de arte ou cultura, que queres que che diga...

E ¿como non vendes algo do que fas, porque a xente compra-riacho, áinda que nunca che pagasen o valor artístico e real? Así non vendendo nada, nin te das a coñecer nin tes recursos. Recórdasme a "Yosso" un gran pintor, cunha obra copiosísima, e ¡nada! non vende nin a "cosca" (cunha penasilla da súa gata) e estao pasando mal.

Xa te entendo pero é que non podo, non podo desfacerme de nada. ¿Que che diría? É como se cada figura, cada cousa, fosen fillos meus.

Careces de axudas oficiales,



"OUTRA BELEZA DA NATUREZA": PRADO ALVAR

sen posibilidade de te promocionar. Ningún dos que poden e deberan o fan...


De momento, de ninguén, áinda hoxe (27-V-98) estiveron aquí vendo as miñas cousas os da TVE "Galicia para o mundo" gos-toullas todo moito, que se tal, que se cual, fixeronme unha reportaxe.

Coido que mereces moito, tiñamos que preocuparnos de ti. Incluso matricularte nalgúnha Escola de Bellas Artes, algunha beca, ¡eu que sei, pode ser axudar de tantos xeitos! Se se quere, sempre se pode. Ti, creas o teu ser, tes o teu estilo propio, fas as tallas con moita pacenza, moito traballo, ¡ánimo! Non sabes de decaemento ante a falla de axudas e incomprensión, ¿estás de acordo?

Ben, fago o que vou podendo, fago o que a mí se me ocorre. Tamén teño que levar a casa, coido da "res" e sobre todo, está o meu home, dous fillos, a miña avoa. Aproveito para traballar o arte no monte, apacentando as ovellas.

Engade ti algo máis.

Pois no monte, atópome rela-



xada, tranquila convivindo coa Natureza. Logo, como ama de casa, pois levo os traballiños de a cotío. Axudo a meu home, nos traballos do agro: sementar, cavar, sachar. Todifío o que ten que facer un labrego. E tamén a axudiña no que poido ós dous meniños que son pequenos. E sobre todo, teñen que atender os seus estudos. O maior de 15 anos, Iván, está en Primeiro de F.P. e o Xurxo en 5º de E.X.B. Colabouran en cousas pequenas, pero sempre son axudiñas, como ir polas ovellas, esparexer a herba, facer algún mandadiño, por

riba de todo, os seus estudos.

Só pido un sitiño axeitado, para gardar estes traballiños, que me sairon da alma, e vásime estroppear todo... Comecei no 92, pero sempre, xa dende a escola xa me tiraba a pintura, e todo o artístico.

Espero e confío que xurda alguém que che axude. Merécelo, polo teu arte, polo teu tesón, porque estás sola e porque tes un tesouro dentro de ti. ¡Animo e sorte!

CELIA

Os artistas hai que axudalos, mimalos, non nacen tódolos días.